

# asubíos nº47

CPI ALCALDE XOSÉ PICHEL - CORISTANCO




Uxío Novoneyra

Cadros realizados polo alumnado de Secundaria do CPI Alcalde Xosé Pichel

Subvencionada por



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Política Lingüística



## ÍNDICE

- Uxío Novoneyra pág 1
- Os nenos e nenas de Educación Infantil pág 6
- O Samaín pág 12
- 1º ciclo de Primaria pág 25
- Visita a Marcelle pág 29
- O Magosto pág 30
- Aula da natureza pág 32
- Nadal 2009 pág 34
- O día dos namorados pág 36
- O día da Paz pág 37
- Entroido pág 38
- Día internacional da muller traballadora pág 41
- Saídas Secundaria pág 43
- Día 23 de abril: día do libro pág 48
- 17 de maio : Día das Letras Galegas pág 50
- I Semana Cultural pág 63
- Os nosos xogos tradicionais: a buxaina pág 64




- **COORDINADO** polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CPI Alcalde Xosé Pichel.

# LETRAS GALEGAS 2010

## UXÍO NOVONEYRA

### A súa vida



Uxío Novoneyra, nado como **Eugenio Novo Neira** en Parada, lugar da parroquia de San Xoán de Seoane do Courel (Folgozo do Courel), o 19 de xaneiro de 1930 e finado en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 1999, foi un poeta e escritor galego. Sendo fillo dunha familia de labregos, O Courel foi o principal referente físico para os seus versos, considerados dos mellores no tocante á paisaxística, dentro da literatura galega.

Estudou o Bacharelato en Lugo, desde 1942 a 1948, e obtivo o título de Bachelor en 1951. Traba amizade con Manuel María en 1945 e con María Mariño Carou en 1947. Tamén coñeceu en Lugo a Luís Pimentel.

En 1948 matriculouse por libre na facultade de Filosofía e Letras en Madrid, onde comezou a escribir poemas en castelán. En Santiago coñeceu e tratou a Maside, Piñeiro e Otero Pedrayo, aos que se debe a decisión adoptada nese mesmo ano de 1952 de escribir en galego, lingua que xa non deixaría nunca.


En 1953 enfermou de pleuresía e recluíuse no Courel, onde permaneceu ata 1962, salvo breves viaxes a Santiago, Lugo, Madrid etc. Foi durante esta estadía no Courel cando coincidiu con María Mariño, coa que establecería unha longa relación literaria.


En 1962, Novoneyra regresou a Madrid. En Madrid comezou a traballar na radio e mais na televisión, dirixindo diversos espazos culturais dedicados aos grandes poetas españois e internacionais, sen esquecer os galegos. Simultaneamente asistía ás tertulias do Café Gijón, onde coñeceu os membros do grupo galeguista *Brais Pinto*, especialmente o pintor Reimundo Patiño. Durante as últimas fases da enfermidade da nai, esta foi atendida por Elba Rei, enfermeira á que Uxío coñecera en Lugo en 1968. Elba e Uxío casaron o 5 de xaneiro de 1973 e tiveron tres fillos: Branca-Petra, Uxío e mais Arturo; amais doutro que só viviu uns poucos días.

En 1983 deixou O Courel para se radicar definitivamente en Santiago de Compostela. O ano anterior fora elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que ocupou, tras sucesivas confirmacións, ata a súa morte. Novoneyra morreu no hospital Gil Casares de Santiago de Compostela, ás 11 da mañá do sábado 30 de outubro de 1999, sendo velado en San Domingos de Bonaval. Foi enterrado no cemiterio lugués de San Froilán.

## Obra

En 1955 publicou *Os eidos*, con poemas escritos entre 1952 e 1953. Trátase dun poemario co que comeza un ciclo poético que continuará durante moitos anos, con novos poemas (*Os eidos 2*, 1974) e modificacións nos primeiros. O libro foi prologado por Ramón Piñeiro, que o define como "*voz da terra*" e destaca o lirismo telúrico do poeta.






No mesmo ano de 1955 comezou a publicar poesías en diarios e revistas como *Vida Gallega* (onde publicaría un total de 15 poemas ata 1961), *Aturuxo*, *Follas secas*, *Luzes de Galicia*, *Nordés*, *Ólisbos*, *Dorna*, *Ronsel* e outros moitos.

I gualmente, é incluído por vez primeira nunha antoloxía poética galega, editada por Fernández del Riego (*Escolma de poesía galega. IV. Os contemporáneos*, Galaxia 1955). En 1959 aparecería de novo noutra antoloxía e, posteriormente, en moitas outras. O 22 de febreiro de 1957 interveu no chamado *Homenaje a la poesía gallega*, celebrado en Santiago, xunto a prestixiosas firmas da literatura galega e galeguista

Publicou en 1966 *Elexías do Courel e outros poemas*, nunha edición bilingüe en castelán e galego. Naquel mesmo ano deixou Madrid e regresou ao Courel, para atender os seus pais, xa vellos e enfermos: o pai morrería en 1971 e a nai en 1973. En 1967 escribiu o poema *Vietnam canto*, como colaboración para un libro que se ía titular *Con Vietnam* pero que nunca viu o prelo. O seu poema publicouse ao cabo en 1969 na *Revista exterior de poesía hispana*. Con este texto xorde un Novoneyra máis vindicativo e politizado, menos lírico e intimista. 1974 foi o ano da publicación d' *Os Eidos I I*, que recolle poemas escritos entre 1954 e 1957 e outros posteriores nos que evidencia o compromiso político desta nova etapa entre os que destaca *Letanía de Galicia*.

En 1981 editáanse conxuntamente tódolos poemas que conformaban os dous tomos d' *Os Eidos*, nun libro titulado *Os Eidos. Libro do Courel*. Nesta recompilación e depuración do seu ciclo courelá, algúns dos poemas mostran modificacións do propio autor respecto ás edicións orixinais de 1955 e 1974. Este libro conxunto veu sucesivas reedicións ao longo dos anos, algunhas con novos engadidos, como o glosario final que inclúe nunha edición de 1985. Mesmo, en 1988, o poeta donostiarra Koldo I zaguire publica unha edición bilingüe en vasco e galego baixo o título *Bazerrak / Os Eidos, I e I I*.

En 1979 publica *Poemas caligráficos*, libro que combina a poesía e a peculiar caligrafía de Novoneyra coa colaboración de Xosé Manuel Pereiro



e Reimundo Patiño, quen prologa o poemario. Os textos están vinculados á vangarda pictórica organizada arredor do grupo Brais Pinto. En 1986 aparece *Muller pra lonxe*, con poemas apaixonais e amorosos escritos entre 1955 e 1985 xa publicados anteriormente en revistas e obras colectivas. Está ilustrado polo pintor lugués Carlos Pardo Teijeiro.

Outra compilación de poemas escritos ao longo de 30 anos, *Do Courel a Compostela*, apareceu en 1986. Son, sobre todo, poemas políticos, sen faltar textos intimistas e amorosos. O libro está ilustrado por Laxeiro, Maside, Lorente, e acompáñase dunha antoloxía crítica de sonadas firmas sobre o autor.

En 1991 publicou o seu primeiro libro de narrativa, *O cubil do xabaril*, libro de contos infantís ambientados na xeografía courelá. A este libro seguirán outros dous coa mesma temática: *Gorgorín e Cabezón* (1992) e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998). Nese mesmo ano reeditouse *Elexías do Courel e outros poemas* (que publicara en 1966) pero agora baixo o título *Tempo de elexía*. Como noutras ocasións, o autor modifica algúns textos e engade poemas que publicara noutros medios. En 1994 editou *Poemas de doada certeza (i este brillo premido entre as pálpebras)*, e en 1998 *Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas*.

Por fin, en 1999, xa enfermo e imposibilitado para poder visitar O Courel como gustaba facer, publicouse *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, con fotografías de Federico García Cabezón e algúns textos caligráficos do autor.

Nos seus textos, Novoneyra explicitou o seu compromiso nacionalista e marxista, sen deixar de preocuparse en ningún momento pola forma poética e pola linguaxe. Formalmente, procuraba o mellor resultado visual e —sobre todo— sonoro para os textos

## Homenaxes

Ademais das numerosas ocasións en que, na prensa ou en libros, distintos persoeiros ensalzaron a obra e traxectoria de Novoneyra, quer en vida ou quer trala súa morte, pódense destacar os seguintes actos de homenaxe:

- No ano 2000, o concello de Pontes de García Rodríguez crea o Premio de poesía Uxío Novoneyra.
- En 2000, o concello de Folgoso do Courel crea o certame literario Uxío Novoneyra.
- En 2002 inaugúrase en Lugo o centro social Uxío Novoneyra.
- En 2005, o concello de Ordes gravou un texto de Novoneyra na placa do monumento en homenaxe ás vítimas do atentado terrorista do 11 de marzo de 2004.
- En 2006, Culleredo inaugura a biblioteca municipal Uxío Novoneyra, no Pazo Vila Melania.

O 27 de xuño de 2009, a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2010. A elección foi por unanimidade (agás un voto en branco), fronte ás outras propostas representadas por Carvalho Calero e Lois Pereiro. Entre as razóns dadas para a súa elección estiveron a de ser un "*excelente poeta, galeguista e profundamente democrático*", "*un poeta de entrega total, cunha obra en constante refacción, en continua forxa*". A Real Academia destacou así mesmo a "*oralidade da súa poesía, que adquiría matices especiais cando o mesmo poeta recitaba os seus propios versos. Unha proba máis do seu enraizamento co pobo e coa poesía popular*".

Diversas cidades galegas bautizaron rúas co seu nome. Pedrafita do Cebreiro fixo outro tanto cun colexio (*CPI Uxío Novoneyra*).

*Iria Castiñeira Domínguez, 5B*

**Monográfico gañador no Certame Literario 2010 (categoría monográfico)**

## OS NENOS E NENAS DE EDUCACIÓN INFANTIL.


*Os nenos e nenas de Educación Infantil estivemos a traballar este curso desenvolvendo a nosa faceta máis artística.*

*Aquí tedes un exemplo das obras de arte que fixemos.*


*Agardamos que vos gusten!!!!!!*








*Os nenos e nenas de 3 anos debuxamos a natureza tal e como nós a vemos!!!!*





*Os nenos e nenas de 4 anos recordamos momentos das nosa saídas.*

Enrique Fernández



Maria R.



Valentina



ALEX



Tania Caamaño



Borja Villar



Maria Varela



Óscar Seoane



Rubén F.



Mateo Rivera



Nerea Martínez



Raúl Tarrío



*Os nenos e nenas de 5 anos debuxamos diferentes paisaxes!!!!*

# O Samaín



Samaín, palabra gaélica, significa o fin do verán e o comezo do inverno. Na antiga cultura céltica o tempo de Samaín, a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro, era o período máis importante do ano. Eran datas claves para se reunir nos camposantos, comer o porco de samaín e concelebrar as farradas festeiras dos guerreiros. Tamén se consideraba a noite máis perigosa do ano: as portas do outro mundo abríanse nesas horas e as ánimas eran quen de vir visitar este mundo e aos seus moradores.

Para afastar dos seus fogares as perigosas ánimas defuntas e errantes era costume baleirar nabos de gran tamaño, posteriormente cabazas, para pórilles dentro candeas.



Así decoramos o colexio!

No colexio realizamos diferentes actividades para celebrar este día: decoramos o colexio, repartimos un folleto explicando en que consiste o Samain , houbo un concurso de relatos de terror e outro de decoración de cabazas e limos contos de terror na biblioteca durante os recreos.



Aquí vos deixamos os relatos gañadores do Concurso "Contos de medo".



## A ALDEA EMBRUXADA



Vouvos contar una historia que lle aconteceu a una nena, pois aló no tempo de María castaña, quero dicir fai moitos anos, había una aldea que dicían que estaba embruxada. Unha nena quería saber que pasara alí, e un día decidiu ir mirar o que acontecera.

A nena marchou pensando que alí vivira xente que xa morrera. Despois de que fora por varias casas e ver que estaban todas abandonadas, decidiu marchar, pero decatouse de que había un Castelo. Entrou nel e atopou una vella e un vello que pasaban dos cen anos. Tiñan o pelo branco, non tiñan dentes, tiñan a cara arrugada, estaban vestidos de negro e coa roupa porca e rota. A nena ao velos púxose moi nerviosa e asustouse moito. Os velliños ao ver que a nena se asustara, falaron con ela e tranquilizárona e dixéronlle quen eran e por que estaban alí.

Contáronlle que cando eles eran novos había moitos nenos, pero non eran nenos normais porque eran vampiros e as nenas pantasma. Os pais e as nais eran bruxos e meigas e cando era Samaín reuníanse todos no Castelo para celebralo.

A nena fíxose amiga deles e despois ía xogar con eles e levoulles roupa nova e limpa, así os velliños xa non poñían medo.

E colorín colorado que pasedes un bo Samaín.

Alba Collazo Collazo 3º A EP





## REALIDADE OU FANTASÍA

Chegou a véspera do Samaín como todos os anos, dende que os antigos celtas prendían fogueiras para espantar as pantasma que acudían ao mundo terreal.

No colexio de Coristanco celébrase todos os anos esta data, e alí estábamos os rapaces cando dixen:

-Bueno rapaces, mañá é o día do Samaín. Queredes ir pedir caramelos polo pobo? Eu nunca fun, pero aquí o noso Adrián xa ha de ter algo de experiencia. Verdade Adrián?

-Claro que si home! Eu nestas cousas son un experimentado.

-Bueno logo, decídesme quen ven?-preguntei-.

-Imos todos pero falta Patricia que non veu hoxe.-dixo Ana-.

-Kati estamos perdendo o recreo, vamos xogar e deixade ese tema.- protestou Iván-.

-Daquela quedamos na porta do colexio mañá e imos ata as aforas onde está a miña casa. Sabedes onde é?-decidín.

-Como imos saber oh! Se nunca nos invitaches.

-Pois xa vos direi.

Todos estábamos impacientes porque chegase o momento. Ata que chegou.

Xa pasaban 15 minutos da hora acordada cando chegaron Sarita e Cintia. Estábamos fabulosos cos nosos disfraces; tiñamos envexa uns dos outros. Fomos camiñando ata o lugar.

-Ei! Kati, por que non empezamos polas casas mais grandes? Como por exemplo ...esa de aí.

-Si home! Paréceme que non vai poder ser. É que verás Sarita, isto...eu se queres déixoche a chave, digo, porque, en fin, é a miña casa.

-Ups! Non sabía que a túa casa era tan grande.

-Oíches Kati, non haberá xente de dubidosa moralidade? Enténdesme non?

-Dubidaba Marcos-.

Home, pilláchesme! A verdade é que fai uns anos, bueno xa fai moitos, uns nenos de aquí foron atacados por un tolo mentres estaban a pedir caramelos un día como hoxe.

-Eu xa sabía que aquí había porco encerrado.-reclamou Lucho- ti estás mal da cacheira!

-Pelucho! Non te pases que xa me estás enchendo.



Franquila muller!

-Haber déixaa acabar de contar o conto. Que pasou cos rapaces?

-Pois os nenos só tiveron que pasar a noite no hospital pero desapareceron e non se soubo mais nada deles nin do home que os atacou. Os pais buscaron por mar,terra e aire pero non se soubo nada.

-Buah neno! Pois eu estou cagadiña de medo.-rosmou Ana-.

-Vaia oh! Xa me parecía que cheiraba.-bromeou Adrián-.

Eeemm,Adrián?,e que pisaches,como dicilo, excrementos de ovella.

-Agg!,que asco tío.Non usaredes isto para facer esterco ou algo,non?

-Pois acertaches!Esterco para as patacas!

-Ai,eu non volvo comer patacas na vida.-afirmou Rubén.

-Si que es ti moi fino agora.-reclameille-.

-Haber Kati,ímosche axudar pero hai que centrarse.Veña 6ºB,por eses que desapareceron!-aclarou Iván.

Comezamos a buscar pistas dos rapaces desaparecidos pero non atopamos nada que nos servise

de axuda,e dixo Laura:

-Vai ser mellor que nos deixemos de historias de detectives.Vamos pedir doces!


De súpeto escoitamos un ruído, coma un petardo pero mais forte, e Cintia desplomouse no chan.Pensamos que estaba a bromear pero comezamos a ver unha pequena poza de sangue que medraba ao seu redor.

Non sabiamos que facer e fomos pedir axuda a casa mais preta pero non había ninguén.Fomos a seguinte e tampouco había ninguén e así con todas as casas.O peor...Cintia xa non respiraba.

Todos querían fuxir pero non llo permitín,non podiamos deixar alí a nosa amiga.

Oímos outros tres estoupidos mais e Rubén,Sarita e Fabián caeron no chan coma Cintia. Agora xa non podiamos quedar alí nin un minuto mais, e segundo íamos correndo de volta as nosas casas ían desmoronándose os meus compañeiros ata que só quedei eu.

Desesperada intentei refuxiarme nunha casa e cando me din conta estaba de fronte cun home xigantesco que tiña unha longa escopeta na man.



Sentín o seu alento na miña fronte e despois so lume,un forte ardor no estómago,mirei e unha profunda ferida estábame a quitar a vida.So vía sangue ,deixade de respirar,pechei os ollos.Morte.

Cando espertei só eran as sete da mañá.Mirei o meu estómago e por un segundo vinme bañada en sangue.Pero afortunadamente todo fora un soño.

Cando cheguei a escola non había ninguén na clase.Ata que a miña titora me informou da grande traxedia:

Cando esta mañá as nais dos meus compañeiros os foran erguer para vir a escola atopáronse con que as camas dos seus fillos estaban completamente valeiras.

Todo culpa miña.Todo polo meu soño.

Todo pola noite de Samaín.

**Katia Veiga Espasandín 6ºB EP**



## **BERNARDO E A NOITE DE SAMAÍN**

Había unha vez un neno de once anos que, cada vez que lle contaban a historia da Santa Compañía, botaba a rir. Pero un día, que non era outro que o día do Samaín e había lúa chea, o seu avó e mailo neno , que por certo chamábase Bernardo, foron por todo o barrio petando nas portas para que lle desen lambetadas.

Faltáballe unha casa por petar pero o avó non quería ir porque estaba ao lado da igrexa e antes da igrexa estaba o cemiterio. Esa casa era do cura Evaristo. O avó díxolle a Bernardo que era moi tarde e que tiñan que ir para casa.

- Pero avó, aínda nos queda a casa do cura Evaristo- díxolle Bernardo


- Parvadas avó,iso só é unha historia- aclaroulle Bernardo.

O avó e Bernardo foron a casa do cura Evaristo, pero antes pasaron por diante do cemiterio e nel escoitábase ruído pero eles seguiron andando.

- Bernardo, apura un pouco oh,- díxolle o avó.

Cando pasaron por diante da igrexa escoitábase berrar, cantar e falar, pero de novo seguiron camiñando. Cando por fin chegaron á casa do cura, petaron á porta, pero ninguén lles veu abrir.

O avó díxolle a Bernardo que non estaba e que marchaban para casa.



De volta a casa, cando ían preto da igrexa, viron ao cura dando voltas arredor da igrexa e detrás del seguían os mortos que resucitaran das súas tumbas.

- Señor Evaristo, que fai dando voltas arredor da igrexa e con eses mortos detrás e que parece parvo?- preguntoulle Bernardo

- É a Santa Compañía – exclamou o avó.

- Avó, agora si que che fago caso. Ven cara aquí. Corre! - exclamou Bernardo.

O avó logrou escapar e Bernardo foi atrapado e Evaristo deulle a cruz. Bernardo non sabía o que ía pasar e devolveulla ao cura, este deulla outra vez e fíxolle un meigallo. Ao facelo, o cura morreu e Barnado desde ese día é o que leva a cruz na Santa Compañía.

Contan que o avó morreu ao día seguinte e que Bernardo, os días de lúa chea , ás doce en punto, sae da casa para ir coller a cruz da Santa Compañía e ir dar voltas cos mortos á igrexa.

Rubén Bértoa Sánchez 1ºA ESO




## AMOR PROHIBIDO

Esta fermosa aínda que triste historia de amor ocorreu hai moitos anos, nunha pequena vila de Transilvania.

Alexandra, unha rapaza de dezanove anos, vivía cunhas amigas nun piso, que aínda que non era moi grande, era acolledor. Alexandra estudaba latín, porque lle gustaba descifrar mensaxes ocultas en manuscritas; pero o que de verdade lle gustaba eran as lendas e supersticións que escoitaba sobre lugares da zona.

Un día falando do castelo antigo que estaba no “ bosque negro”, ao que lle chamaban así debido as árbores tan grandes que había, estaba moi escuro, case parecía noite, a Alexandra entrólle curiosidade por aquel lugar tan maravilloso. Ese día non puido ir porque era noite. Ao seguinte día, pediulle indicacións a unha muller anciá que vivía cerca do bosque, pero esta advertiulle que non fose ao castelo porque se dicía que a alma do herdeiro da fortuna da familia Belles, Adam, vagaba por ela. Adam fora asasinado polo seu tío o día que cumprira vinteún anos, o día en que herdaría o que seus pais lle deixaran antes de morrer.



Seu tío, era moi avaricioso e non quería que Adam o herdase todo, así que decidiu botarlle veneno de “araña letal”, que se chamaba así porque ao minuto de que o veneno penetre por todo o corpo, empézanse a paralizar os órganos ata que se para por completo o corazón. O tío pensou que xa morrera, de feito era así, pero a súa alma seguía no castelo.

Alexandra adentrouse no bosque e pronto atopou o castelo. Abriu a gran porta e entrou. Adam, escoitou como se abría a porta e foi ver quen ousaba corromper a súa soidade. Ao ver a Alexandra detívose en seco, non esperaba ver a alguén coma ela ; tan guapa e cos ollos máis bonitos que el vira nunca... Namorouse perdidamente dela. Ela, nin sequera podía velo. Adam non se mostraba porque non quería asustala. Alexandra comezou a mirar polo castelo para ver se podía descubrir algo. Foi mirando polas habitacións pero non atopou nada interesante e empezaba a anoitecer, así que tería que regresar para o seguinte día.

Adam pensou nela, e en como facer para falar con ela sen asustala. Pensou que se lle deixaba unha mensaxe, explicándolle o que acontecera había dez décadas, para que empezara a comprender a súa situación e non se asustase ao velo. Cando chegou o seguinte día, deixoulle a mensaxe na entrada para que a vise. Na mensaxe dicía :” *Hai moitos anos neste castelo ocorreu una traxedia, mataron ó herdeiro da fortuna da familia Belles, o que morreu fun eu, Adam Belles, por favor, non te asustes, non sei moi ben por que pero a miña alma vaga por este castelo dende hai cen anos*”


Ao rematar de ler a carta, Alexandra dixo:

- Móstrate, non me vou asustar.

Nese momento Adam mostrouse. Cando ela lle falou, Adam notou algo que xamais sentira, sería o amor?

Ela viu en Adam algo que fixo que se namorase del.

Ese día quedou toda a noite no castelo falando con Adam. As amigas que vivían con ela no piso, preocupáronse por ela e foron buscala ao castelo. Cando chegaron alí, vírona falando soa, ela díxolles que se namorara dun rapaz chamado Adam, e que estaba a carón dela pero que as amigas non o podían ver. Cando lle dixeron que tiña que volver a casa ela negouse. Ela seguíalles falando de Adam e as amigas, como non podían velo pensaron que se volverá tola.



Chamaron á clínica psiquiátrica para que a levasen. Ela resistiu canto puido e Adam intentaba axudarlle pero non puido facer nada; colleron a Alexandra e levárona para unha habitación branca e solitaria, unha cela. Ela estaba moi angustiada, pero aínda podía escoitar as cancións de amor que Adam lle cantara, e bailaba soa na súa cela. Ela xa non quería vivir, quería morrer para poder estar co amor da súa vida. Intentou acabar coa súa vida pero non puido, a camisa de forza que lle puxeran non permitía que se movera.

Chegara o día do samaín, día de defuntos. Cada cen anos, nese día, cumpriáanse os desexos máis profundos da xente. Alexandra desexaba con todas as súas forzas estar con Adam para sempre. De repente, viuse a si mesma no chan, o que viu en realidade era seu corpo sen vida. Como agora era unha pantasma podía ir con Adam e ser feliz por fin. Cando chegou ao castelo, comezou a chamar a Adam, este case sen podelo crer foina abrazar.

Viviron xuntos e felices para sempre.

O castelo xa non existe, foi derrubado, pero din por aí que Alexandra e Adam seguen alí, no mesmo lugar, tan namorados coma o primeiro día

Jennifer Torres Mira 2º B ESO




## SEN RETORNO

- Xulia! Escapa! Corre, corre! Fuxe de aquí con Xoán!

Estas son as derradeiras palabras que escoitei antes de subir neste tren con Xoán e que non sei onde irá parar . Todo comezou hai unhas cinco semanas, cando meu irmán e mais eu nos trasladamos a unha casa vella preto da cidade. A casa atopábase en boas condicións, mesmo tiña calefactor. Había tres habitacións, unha cociña, un baño, o salón e un pequeno xardín. Tiñamos uns cen veciños, todos maiores de corenta anos.

Ningún veciño tiña fillos, ou iso era o que eu pensaba. Meu irmán tiña un fillo. Xoán, froito dun matrimonio que tan so durou uns dez anos e que acabou por culpa das viaxes da súa ex-muller María. Meu irmán tivo que quedar co neno, que tiña dez anos, pois María non o quería.



Despois de instalarnos na casa, Xoán comezou a escola, que se atopaba a uns vinte quilómetros, xa que a escola que había preto da casa, pechara pola culpa dun incendio provocado.

Meu irmán traballaba na cidade nunha froitaría. Marchaba pola mañá, xa levando o neno ao colexio e volvía pola noite. Eu ía buscar a Xoán ás dúas da tarde ao colexio. A Xoán non lle gustaba o colexio, porque dicía que os nenos e os mestres tiñan pena por el sen saber o por que. Cada día que ía por el á escola, pasaba polo colexio que se incendiara e paraba fronte a el e mirábao fixamente pensando o que ocorrería nese lugar.

Chegou o cuarto día na nova casa, era xoves, todo ocorreu coma un día calquera. Levantámonos e almorzamos. Xoán e seu pai marcharon coma de costume e eu quedei na casa arranxando roupa dos veciños.

Os veciños eran calados e moi serios coma se lles ocorrera unha gran desgraza. Viñan a min porque era a única que sabía coser e así aforraban cartos.

Eu pasaba as tardes coidando a Xoán e coa veciña da casa do lado que tiña uns oitenta anos. Pasados uns días volveu pola mañá, traíame uns tomates da súa horta e empezou a contar:


- Hai dous anos nesta vila había uns cento quince nenos entre seis e dezaioito anos. Ían á escola da vila. Todos eran felices, trastes pero moi cariñosos. Sempre andaban xogando por estas rúas cos seus xoguetes. A xente vivía feliz, falaban os uns cos outros, facían festas e xogaban ás cartas. Pero isto acabou cando un día coma hoxe os nenos foron á escola e pasou o que ninguén esperaba.

Había un home, que vivía nesta casa do que ninguén quería saber porque non lle gustaban os nenos, sempre lles andaba berrando e tirando pedras.

Ese día, o 18 de novembro de 1995, este home foi ao colexio, rociou o céspede que rodeaba o colexio con gasolina, puxo gasolina nos depósitos da auga dos detectores de incendios, soltou un misto no campo de céspede e todo comezou a arder, o chan do colexio era de madeira e ao comezar a entrar o fume do campo polas fiestras, saltaron as alarmas de incendios e caeu a gasolina riba dos nenos, das paredes e do chan das aulas e ardeu todo.

O home fuxiu e ninguén soubo a onde. Dende aquela desgraza ninguén volveu sorrir. E o colexio pechouse e nunca se pensou en arranxalo.

Eu non daba creto ao que me contara.



Pasadas catro semanas, Xoán, meu irmán e eu atopabámonos no salón vendo a televisión. Xoán mais eu marchamos dar un paseo pola vila e meu irmán quedou na casa. No paseo conteille a Xoán o que pasara no colexio no 1995, el quedou asombrado, pero non lle deu importancia. Chegamos á casa e oímos ruídos, golpes e berros. Subimos rapidamente as escaleiras e vimos a un home dándolle lategazos ao meu irmán e o chan mollado, daquela foi cando escoitei a mensaxe do meu irmán:

-Xulia! Escapa! Corre, corre! Fuxe de aquí con Xoán!

O home tirou un misto ao chan, deu a volta e comezou a correr cara nós. Xoán e mais eu botamos a correr escaleiras abaixo, pechamos as portas, metémonos no coche e fuximos á estación do ferrocarril e subimos ao tren.

Agora penso no meu irmán, en que non o puidéramos axudar. Meu irmán, que renunciou á súa vida para salvar a nosa

#### ACCIDENTE DE FERROCARRIL

Dous ferrocarrís chocan de fronte nunha ponte a 2000m de altura. Ningún supervivente. Todo fai sospeitar a un fallo dun traballador do ferrocarril ao non desviar a un deles ao lugar de chegada

Balbina Tarrío Mangas 4º B ESO



## MENSAXES DO OUTRO MUNDO

Marcos estaba pensando en mercar unha casa. Un día, mirando os anuncios do xornal atopou un que dicía :” Vendo casa enmeigada. Prezo negociable . Teléfono 666267789.

Marcos chamou e negociou co vendedor o prezo da casa. Ofreceulla por un prezo moi baixo e Marcos aceptou a oferta sen pedir información .


Unhas semanas despois foi á súa nova casa disposto a quedar nela durante as vacacións. Cando pregunto na vila onde estaba a casa, dixéronlle.

- Vostede está tolo! Non vaia a esa casa!

Pero Marcos non lle fixo caso. Cando chegou viu unha vella mansión coas paredes tortas. A outra persoa daríanlle arrepiño pero Marcos era valente e a súa valentía sería a súa perdición.

Cando entrou foi ver os cuartos e buscou un para el. Logo foi comer a un pequeno restaurante da vila. Cando volveu anoitecía, e foi para o seu cuarto.





Era unha noite de lúa chea e os lobos ouveaban. Colleu un libro do estante e comezou a ler. Cando xa adormecía sentiu unha presenza no cuarto, pero non había ninguén. Ignorou ese sentimento e intentou durmir. Entón fixouse nun estante con libros que antes non vira. Eran libros moi antigos case todos de mitoloxía. Colleu un ao azar. Caeron uns papeis que estaban entre as páxinas do libro. Eran notas que dicían como loitar contra seres fantásticos: vampiros, bruxas, lobishomes... Preguntouse para que querería alguén esas notas. Entón lembrou o anuncio que había sobre a súa nova casa : " Vendo casa enmeigada". Seguro que o antigo dono deixara alí as notas adrede e todo se trataba dunha broma. Pasaron as horas mentres seguía mirando o libro e ao final adormeceu.

Cando espertou xa era mediodía. Foi xantar ao restaurante da vila e cando volveu para casa foi ao seu cuarto e viu unha mensaxe escrita con algo parecido ao sangue, na parede:

*"Saíches atrevido. Incluso demasiado"*

Comezou a preocuparse e a pensar que ao mellor a casa estaba enmeigada. Esa noite volveu notar a presenza da pantasma. Tivo un pesadelo. Un exército de bruxas, vampiros, lobishomes e outros monstros perseguíanlo polo medio dunha fraga.

Custáballe moito avanzar e os seus perseguidores estaban cada vez máis cerca. Alcanzárono.. Espertou suando. Aínda era moi cedo, pero non tiña sono. Foi á cociña e viu outra mensaxe :

*" O teu atrevemento está indo moi lonxe. Vaite de aquí e non volvas"*

Marcos comezou a ter medo de verdade. Aquela noite sentiu a presenza pantasma moi forte. Comezaron a moverse cousas e apareceu outra mensaxe: *" A túa valentía acabouse. Vas morrer esta mesma noite"*

Marcos fuxiu da casa. Estaba confuso e adentrouse na fraga. Seguíanlo.

Decatouse de que todo era igual que no seu pesadelo. Decatouse da utilidade das notas que había no libro..

Custáballe moito avanzar pero seguiu correndo. Atopou unha casa abandonada e entrou nela. Tapou as portas e as ventás como puido. A casa comezou a arder. Ardía moito máis rápido do normal . Marcos comezou a berrar. Non puido saír e morreu naquel incendio.

Mentres, no salón da casa enmeigada aparecía, sen ningún motivo unha mensaxe: *" Se non pisases o terreo desta casa, non che pasaría o que che pasou"*

*José Manuel Suárez García 3º A ESO*

E as cabazas gañadoras foron as seguintes:



Premio á cabaza máis orixinal  
Alumnos de música de 4º A e B ESO

Premio á cabaza máis elaborada  
Alba Reino Casal 2º B ESO



Premio á cabaza máis orixinal  
Samantha Torres Mira 3º B EP




Premio á cabaza máis elaborada  
Adriana Varela Regueira 3ºB EP




# 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Os nosos traballos




Nos Multiusos pasámolo moi ben vendo  
como tocaban o acordeón.

1º  
Victoria




Fomos a ver a obra de teatro "O día que voou  
Bernata"

1º Victor



Em Roiser fixemos un par e mais cousas  
moi ricas. Victor 1º



No Nadal pasámolo moi ben  
cantando a canción dos renos. Victoria 1º

## PAXARIÑA DE PAPEL



Este ano ademáis de María  
estivo con nós a profe Paula.  
Déronnos unha poesía e nós  
tivemos que ponerlle música.  
Non o fixemos nada mal !!

Moitas das palabras  
scan a papel.  
Repíteas o vento.  
brotan caraveis.

Unha paxariña  
feito de papel  
fala cun ventinho  
sen saber quen é.

Esa paxariña  
feito de papel  
pídelle o ventinho  
que a leve con el.



*Na foto estamos todos os alumnos e alumnas de  
2º EP coa profe Paula.*

# Poesía

Para Adrián  
un anaquiño de pan.

Para Aida e Eviña  
unha fermosa casña.

Para Rosa  
unha margarida fermosa.

Para Valeria  
un amigo con moita lería.

Para Jorgiño  
un agarimoso canciño.

Para María e Uxía  
un paseo pola ría.

Para Nano  
un café americano.

Para Carmiña  
unha bonequiña.



Para Manuel  
un tarro de mel.

Para Juan  
unha barra de pan.

Para Martín  
un fermoso maletín.

Para Lauriña  
unha xoaniña.

Para Adriana  
unha nana.

Para Raúl  
os tesouros dun baúl.

E para Christian  
e Brais  
todo isto e  
moito máis.

María Pombo Riveiro

*A nosa compañeira María Pombo fixo una poesía  
cos nomes do todos os compañeiros de 2º.*

*E que ben que quedou!!!*



O

M

A

G

O

S

T

O






Para celebrar o Magosto asamos castañas e xogamos a diferentes xogos.



Temos un asador de castañas que é a envexa de todos!



As castañas acabadas de facer, que ben nos souberon!!!



Os gañadores do concurso da castaña foron:

- "A castaña máis grande": Ana Martínez 4º A
- "A castaña máis pequena": David Amado 5º A



# AULA DA NATUREZA.

Este curso no CPI Alcalde Xosé Pichel creouse a Aula da Natureza .

Dende esta aula promovéronse iniciativas de reciclaxe de papel, pilas, cartuchos de tinta e móbiles, entre outros.

Os alumnos e as alumnas de 5º B, tamén quixemos aportar o noso gran e chegamos as seguintes conclusións:

**E TI QUE SABES SOBRE O MEDIOAMBIENTE?**

SABÍAS que grazas aos gases que rodean a terra, o planeta ten unha temperatura agradable para o home? Pero se seguimos contaminando, a temperatura pode aumentar ata 4°C no 2030. Se isto pasa, derretiríanse os polos e subiría o nivel do mar.



SABÍAS que a capa de ozono está desaparecendo pola contaminación?

SABÍAS que afecta a pequenos organismos que viven na auga, que son o primeiro elo da cadea alimenticia? Cando este elo cambia, todos os seres vivos que dependen del teñen problemas.



SABÍAS que a contaminación do aire pode provocar tose, congestión dos ollos e problemas de respiración? Os nenos estamos baixo un maior risco, xa que os nosos pulmóns aínda se están desenvolvendo.



SABÍAS que coas nosas actividades danamos os ríos, lagos e bordes costeiros. Desá maneira causamos problemas aos seres vivos. Os deterxentes, xabóns e champús danan os seres vivos e as plantas.



SABÍAS que con cinco botellas de plástico que reciclemos se pode facer unha bufanda?

SABÍAS que con oito caixas de cereais pódese fabricar un libro?



AGORA QUE XA SABES... QUE PODES FACER?

### DECÁLOGO DE 5ºB



1. Reduce, reutiliza e recicla o teu lixo.
2. Despois das festas nas rúas, praias...limpa e deixa todo como estaba.
3. Ten moito coidado co que fas nos montes para non provocar incendios.
4. Respecta e coida tódalas plantas e animais, especialmente os que están en perigo de extinción.
5. Utiliza menos o coche e máis o autobús.
6. Aforra auga empregándoa só cando a necesites: pecha os grifos, dúchate en lugar de bañarte, pon nos grifos mecanismos de aforro.
7. Usa produtos elaborados con materiais reciclados (folios, vasos, envases...).
8. Coida o teu entorno natural: non tires lixo e non laves o coche preto dos ríos e lagos.
9. Reduce o uso de electricidade, calefacción e aire acondicionado.
10. Axuda a manter limpo o aire andando máis a pé e en bicicleta.



A aula de 5º B de EP.

# FESTIVAL DE NADAL 2009

O Nadal é tempo de agasallos e este Nadal, ademais dos Reis Magos, os alumnos e alumnas de Coristanco coñeceron un novo personaxe navideño, que nos visitaba dende o Courel : **o Apalpador**.

Para coñecer o seu nome tivemos que esperar as diferentes pistas que cada día ían aparecendo:

PISTA 2: Son carboeiro

PISTA 4: No Nadal apalpo a barriga dos nenos para ver se están ben mantidos

PISTA 6: ...e algún que outro agasallo!!!



PISTA 1: Sabes quen son eu?

PISTA 3: Veño do Courel

PISTA 5: Déixolles unha presa de castañas...

**SON O APALPADOR!**

Ademais do Apalpador tamén coñecemos outros personaxes navideños :



Olenchero



Esteru



Tió

Tamén como cada ano celebramos un concurso de postais de Nadal e as gañadoras foron...



Noelia Rial 3º B ESO  
(Postal gañadora ESO)



Alba Collazo 3º A EP  
(Postal gañadora EP)



Balbina Tarrío 4º ESO



Alba Abelenda 1º A ESO

E xa cando chegou o Festival de Nadal, cantamos panxoliñas, bailamos e todos xuntos pasámolo xenial!!



E xa para rematar un dos microrrelatos gañadores do II Certame de Microrrelatos

### **“A FESTA DO NADAL”**

*Nunha casa na beira do río, na parroquia de San Paio, había un neno que non lle quería pedir nada aos Reis Magos. Os seus primos viñeron de Suíza para pasar as festas con el e a súa familia.*

*O seu primo Pablo tiña uns vintecinco anos e Raquel, que era a súa irmá, tiña dezanove. Quixéronlle dar unha sorpresa á ese neno que, por certo, chamábase Martín, e disfrazáronse de Reis Magos.*

*Entraron pola ventá do cuarto de baño e puxeron os agasallos baixo a árbore, pero Martín pillounos. Ese día descubriu que os Reis Magos non existían, quedou un pouco decepcionado, enfadouse e todo, pero logo a súa nai explicoulle que si, os Reis Magos existían, pero había que botarlles unha man no seu traballo, porque eles non o podían facer sos.*

*Martín sigue crendo neles porque sabe que existen.*

*Martín Soutullo Trigo. 4º B EP*



## O DÍA DOS NAMORADOS

Para conmemorar o día de San Valentín, desde o EDNL organizamos un concurso de SMS de amor. Tratábase de premiar a mellor mensaxe de amor a través do teléfono móbil escrita polo alumnado do noso centro.

E estas foron as mensaxes gañadoras:

### 1º PREMIO.

Nn ker sbr nunk o k é un adeus dfinitiv e drradeir,  
nin tingir a miña alm d ngr pla tua ausencia ... tan  
so vivir  
por e para ti.

**Bárbara García Iglesias. 4º ESO A.**

### 2º PREMIO.

Desde o primeiro día que te vin,  
a miña vida cambiou de rumbo  
e comezou unha viaxe.  
O meu Norte converteuse no teu corazón,  
e o meu destino foi conquistar unha terra que eu non  
coñecía: o teu corazón.

**José Manuel Suárez García. 3º ESO A**

### 3º PREMIO.

Unha caricia,  
unha mirada,  
un biko,  
unha palabra.  
Quérote,  
un día,  
unha eternidade.  
A túa cara,  
unha dozura,  
É a última palabra: Meu Amor

**Beatriz Costa Lavandeira. 3º ESO A**



## DÍA DA PAZ

O Día da Paz foi declarado por primeira vez en 1964, debido a iniciativa do profesor español Llorec Vidal. O seu obxectivo é a educación, en e para a tolerancia, a solidariedade, a concordia, o respecto aos Dereitos humanos, a non-violencia e a paz. Neste día os colexios convértense en instrumentos de paz e entendemento entre as persoas de distinta formación , raza, cultura e relixión.




Escolleuse o 30 de xaneiro como día da Paz, xa que é o día no que se conmemora a morte do líder nacional e espiritual da India, o Mahatma Gandhi. Gandhi foi un dos ideólogos e fundadores do moderno estado indio e un influínte defensor do Satyagraha (principio da non agresión, forma non violenta de protesta) como un medio de revolución.

Os alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria do CPI Alcalde Xosé Pichel celebramos este día, cantando una canción e escribindo mensaxes de paz que logo atamos a un globo para que as levase a todas as partes!!!!



# O ENTROIDO



Este Entroido houbo un lote de disfraces diferentes! Botade un ollo!



Nós disfrazámonos de Mickey e Minnie!

Pois nós de animais!



Estas pantasma daban moito medo!!!!







MOULIN ROUGE



OS MAGOS DO BALÓN



MICHAEL JACKSON



ASTERIX, OBELIX E CIA.

Despois do desfile de disfraces e do baile fomos comer as roscas, orellas, filloas e máis doces que trouxeramos da casa!


Estaba todo boísimo!!!



## 8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

Cal é a orixe da efeméride do 8 de marzo?

A súa orixe remontase a 1857, cando en Nova Iorque produciuse unha marcha de mulleres traballadoras dunha fábrica téxtil en protesta contra as condicións de traballo. Outro feito importante que condicionou a efeméride ocorreu en 1908, tamén en Nova Iorque, cando un grupo de costureiras industriais de grandes fábricas se declararon en folga para protestar polas súas condicións laborais e pediron aumento de soldo, redución da xornada laboral e fin do traballo infantil. Durante esta folga pacífica, cento vinte e nove mulleres morreron queimadas nun incendio na fábrica Cotton Textile Factory. Isto ocorreu o oito de marzo dese ano. Ao ano seguinte celebrouse por primeira vez en Estados Unidos o día da muller traballadora e en 1910 propúxose ese día como día internacional da muller, no Congreso Internacional de Mulleres Socialistas de Dinamarca. O oito de marzo de 1977 as Nacións Unidas declararon o "Día internacional das Mulleres Traballadoras" e elixiron a cor lila para representar os esforzos das mulleres que morreron.




E como o celebramos este curso no centro?

Pois o departamento de Ciencias Sociais organizou unha exposición sobre mulleres relevantes no mundo da ciencia, a política, a cultura e o deporte. Os traballos realizáronos as alumnas e alumnos de todos os niveis da ESO, e entre as mulleres elixidas estiveron Hipatia, destacada matemática do antigo Exipto, Marie Curie, gañadora do premio Nóbel, Valentina Tereshkova, primeira muller astronauta, Rosalind Franklin, descubridora da estrutura helicoidal do ADN, Aminatou Haidar, defensora dos dereitos do pobo saharauí, Virginia Wolf, escritora e feminista, Dorothy Garro, arqueóloga nun mundo de homes, etc.

Cada traballo contiña unha minibiografía da muller elixida e unha reflexión persoal sobre a importancia da súa achega no contexto da loita das mulleres por conseguir a igualdade.



## SAÍDAS SECUNDARIA



Este curso os alumnos e alumnas de Educación Secundaria fomos ao teatro, a visitar Inditex, ás instalacións da Voz de Galicia ...

Vos deixamos un resumo de algunha desas visitas.

### Obra de teatro: “ A dama boba”

Este é o título da obra de teatro que fomos ver no primeiro trimestre deste curso.

Todos os alumnos de Secundaria tivemos a oportunidade de coñecer este clásico da nosa literatura escrito por Lope de Vega.

A representación foi no “ IES Cruceiro Baleares”. Ao chegar, unha acomodadora indicounos os nosos sitios e, ao pouco tempo, empezou a obra. Trataba de dúas irmás, unha lista e outra boba, que se namoraron, cada unha do noivo da outra. Ao final, cada unha quedou con quen quixo e a boba xa non o era tanto.

En xeral, gustounos bastante, era divertida e os actores eran moi bos. Cando rematou deixáronnos facerlle preguntas e aclararon detalles do seu traballo.

Dende Acea Dama fomos ao Museo de Fenosa, na entrada da Coruña. Percorremos parte das súas instalacións e puxéronnos uns vídeos sobre como se fixeron as primeiras películas. Non tivemos tempo para moito máis. Achegábase a hora de comer e os profes foron bos e deixáronnos ir ao centro comercial Dolce Vita a pasar un anaco.

Pasámolo moi ben.

Escrito por Adriana Velo e Jorge Lorenzo 2ºB

## Visitamos Inditex

Case a principios deste curso 2009/2010, as alumnas e alumnos de 3ªA fomos á fábrica de INDITEX, situada no polígono de Arteixo.

A fábrica está dividida en dúas partes: a mecanizada e as oficinas. Primeiro visitamos as oficinas, onde se crea, deseña, retoca... Non se podía facer ruído, xa que a xente estaba traballando. Despois pasamos á zona mecanizada. Era tan grande que os traballadores tiñan que ir en bici!

Non o credes mais, para facer as prendas e aforrar tea usan un programa de ordenador parecido ao tetris.

Unha vez feita, a roupa pasa varios controis de calidade e é distribuída a todas as tendas do mundo nun máximo de 24/48 horas, estea onde estea a tenda.

Tamén teñen modelos de escaparates e tendas piloto que fotografan e envían ás tendas de todo o mundo, para que en todos os lugares se coloque a roupa da mesma maneira.

Asemade conta cun estudo para facer as campañas publicitarias. Algunhas marcas de INDITEX, como ZARA , no teñen publicidade, máis todo o mundo a coñece, non si?

Mª Dolores Suárez, Alba Martínez, Laura Barreiro

## A nosa experiencia no “Liceo La Paz”

O dezaseis de abril de 2010 é un día que non esqueceremos. Catro alumnos de Secundaria fomos elixidos pola profesora de Lingua Castelá, Mercedes Garrote, para participar no Concurso de Relatos organizada pola Coca Cola: Felipe Rama, Jesús David Regueira, Alba Reino e Jennifer Torres.

Pasadas as tres e media da tarde, esperando o autobús, repasabamos coa profe. No bus ían alumnos doutros colexios e parecíanos que tiñan moito nivel, pola conversa que levaban. Iso púxonos nerviosos.

Ao chegar a Coruña, ao colexio Liceo la Paz, xa nos estaba a esperar Mercedes, que nos conduciu ata o salón de actos.

Estaba cheo de nenos. Sentímonos insignificantes. Alí explicáronnos as bases e anunciaron as aulas que correspondían a cada colexio. Ao noso tocoulle a aula número 1. Será un presaxio?

Na aula tiñamos todo o necesario para facer o relato. Desexámonos sorte, entre os catro, e comezamos a escribir o borrador.

Tras dúas horas escasas fomos entregando o relato definitivo e obsequiáronnos cunha funda de ordenador portátil, unha entrada para o partido do Deportivo, refrescos e un bocata.

Á saída estaba a esperarnos a profesora. Charlamos con ela e cando rematamos todos acompañounos ao autobús . Ao chegar a Coristanco sacamos unha foto diante do Concello, como recordo.

Aínda non se coñecen os gañadores do Concurso, pero para nós xa foi unha experiencia INESQUECIBLE.

**Felipe, Jesús, Alba e Jennifer 2º E.S.O.**



### Visita a “La Voz de Galicia”

O martes vinte e sete de abril, os alumnos de primeiro de E.S.O.fomos coñecer as instalacións do diario “La Voz de Galicia”, nunha saída organizada polo Departamento de Lingua Castelá. Durante a visita puidemos coñecer como se conseguen as noticias e as fotografías, como se fai o xornal.

Explicáronnos o funcionamento da rotativa e como se elaboran os paquetes de xornais para os distintos puntos de venda.

Unha das cousas máis impresionantes foi o almacén de papel. Grandes rolos que, se os estirasen medirían dezasete quilómetros.

Informóusenos de que todo o papel que se usa é reciclado.

A visita rematou no museo, un lugar cheo de historia. Alí están os primeiros diarios e puidemos ver como se facía “La Voz de Galicia hai máis dun século

**Escrito por Verónica Rodríguez Fariña, 1º B**

## Visita a Santiago de Compostela e Padrón.

O 12 de maio os alumnos de 2º, 3º e 4º ESO visitamos a cidade de Santiago de Compostela.

Ao chegar os alumnos e alumnas dividímonos en dous grupos: un grupo ( 2º e 3º ESO) foron ao colexio La Salle para ver a representación do musical” Mozos de hoxe”, mentres que o outro grupo visitaba o museo do Pobo Galego, que ocupa o antigo convento de San Domingos de Bonaval, situado na aba do monte da Almáciga e preto da Porta do Camiño, pola que os peregrinos do camiño francés acceden á cidade do Apóstolo.



*Detalle da  
escaleira do  
Museo do  
Pobo  
Galego*

Ao rematar o musical o alumnado de 2º e 4º dirixímonos cara a catedral, para visitar os tellados de pedra. Unha guía explicounos



todo o sistema de construción dos mesmos e puidemos admirar as fermosas vistas que había dende o alto de toda a cidade e arredores. Mentres os alumnos de 3º visitamos o Museo do Pobo Galego.





Xa chegado o mediodía, a parada seguinte foi en Area Central onde comemos todos e tivemos un rato libre para dar unha volta polo Centro Comercial.

A primeira hora da tarde, dirixímonos cara Padrón onde visitamos a casa da escritora galega Rosalía de Castro. Alí mesmo sacamos unha foto de todo o grupo como recordo.



E xa a media tarde collemos de novo o autobús rumbo a Coristanco, cansos pero contentos por realizar actividades un pouco diferentes.

Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística

# DÍA 23 DE ABRIL: DÍA DO LIBRO

O Día do Libro (tamén denominado Día Internacional do Libro e Día Mundial do libro) é un acontecemento anual que se celebra o 23 de abril. A festa celebrouse por primeira vez baixo os auspicios da UNESCO en 1995 coa idea de fomentar a lectura, a edición e publicacións impresas e os dereitos de autor.

Dende a Biblioteca do Centro, o mes de abril dedicouse ao cómic e por iso, Sacarino, andaba eses días pola nosa biblioteca.



Mafalda estaba situada na entrada principal para dar a benvinda e convidarvos a ver unha pequena exposición que combinaba textos e imaxes, mentres que



Axtérix saudaba a entrada aos nenos e nenas do colexio.



O día do libro sacamos a biblioteca ao patio onde os nenos de Educación Infantil e Primaria puideron ler os libros que máis lles gustaban.




E xa para rematar veunos facer unha visita Pepe Carreiro, o creador do Bolechas!



17 DE MAIO DE 2010

DÍA DAS LETRAS GALEGAS  
ADICADO A UXÍO NOVONEYRA

CHEGOU A HORA...



Debuxo realizado por Cristina Pallas Marrozos, 3º B EP



## AS VACACIÓNS DE BRAIS

Brais è un rapaz de 16 anos que ten que ir pasar as vacacións a casa dos avós a Fontán, porque lle quedaron 2 materias, e os seus pais pensaron que estando só, sen os seus amigos seguro que lle ía a dedicar algún tempo mais a estudar. Pois en Fontán non hai cines nin Praia, mais ben todo o contrario.

Cando ía no tren , pensando que as vacacións en Fontán ían ser moi aborrecidas, porque alí só vive xente vella. ía. Ademais a súa nai , para castigalo de algunha forma, por non estudar durante o curso como debería, non lle deixou levar o MP3 nin o móbil e por se fora pouco os avós non teñen nin tan sequera tele.

Cando chegou a Fontán estaba o seu avó agardando por el. Brais baixou do tren, medio adormecido, por pouco xa non esperta, pasou toda a viaxe durmindo. Mirou o seu arredor e non viu o avó, pero de repente escoitou alá o fondo:

- ¡Brais, Brais! Meu netiño ,estou aquí.
- Ese è o meu velliño, dixo Brais.
- ¡Ola avó! ¿Cómo estás?
- Moi ben meu neno, un pouco mais branco e enrrugado, pero despois aínda tremo como os de dezaioito.
- Ja, ja, ja, avó. Quen che dera ¿non vas cambiar nunca? ¡Que fantasma es!


O avó meteulle as maletas no coche o veciño de enfronte, que o foi levar a estación e díxolle:

- Leva a roupa do meu neto para a casa e dille a Sara que nós imos andando.

Manuel así o fixo.

Cando ían andando polo camiño, o avó íalle contando a Brais historias de cando era novo, falaba e falaba, pera Brais só escoitaba, non dicía nada. Cando chegaron aló o alto da Fraga, o avó dille o neto:

- Ven Brais, vouche ensinar algo. Aquí ¿Ves ese tellado de xestas?, è una cabana, onde eu me agochaba cando viña cas ovellas, aquí pasaba tardes enteiras o abrigo do frío e da choiva, mentres esas condenadas pacían e pacían.



Mentres enchían ben o fol eu entretiame aquí dentro, fumando uns pitilliños feitos de fieita seca, envoltos nunha verza. ¡Que bos estaban! Èrache o que había daquela meu neto. Mentres que fumaba, tamén escribía contos de medo, pero ninguén o sabe, nin tan sequera a túa avoa.

- ¿Escribías contos de medo avó?
- ¿Non me oes? Acábocho de dicir.
- Jope,¿que fixeches con eles?
- Téñoos gardados aquí na cabana, ben acochadiños para que ninguén dea con eles.
- ¿Déixasmos ler avó?
- ¿Non, non, tí o teu, díxome túa nai que hai algo pendiente por ah do curso, parece ser que folgaches algo no inverno, pois agora a traballar no verán.
- Avó, eu pensei que polo menos aquí en Fontán, ninguén me ía a tocar a moral sempre co mesmo.
- ¿Ai sí?, pois trabucácheste fillo.
- Vamos a casa que túa avoa de seguro xa vota fume polas orellas.

O resto do camiño, Brais ía diante do avó, un anaquiño bo diante del, estaba algo enmorrado, pois non lle gustou o que acababa de oír.

Cando chegaron a casa , como era de esperar a avoa xa lle tardaban, viscounos pola ventá da cociña e nada mais velos, saíu a porta a darlle unha boa aperta a Brais.


- ¡Como medraches Brais!, xa es un homiño.
- ¿Que pensabas avoa que sempre ía ser un anano?
- ¡Que guapo è o noso netiño Xan!,non hai ningún coma es, ¡Que alto estás fillo?. Teño o xantar listo vamos papar e logo despois inda sobes a roupa o teu cuarto.

Brais sentouse a mesa e púxose a comer,

- ¿Qué fame teño avoa?

Cando xa rematou, subiu arriba o seu cuarto, abriu a porta, mirou os lados e pensou:

- ¡Deus! Parece que non pasou o tempo, isto sigue igual. Dous meses aquí ¿Cómo vou facer para entreterme? Dende logo non vou estar todo o día o pé dos libros , iso que non o soñe miña nai.



Deitouse na cama papo arriba e púxose a pensar na cabana do avó e nas súas historias de medo, ¿por que non quere que ninguén as lea nin saiba delas? ¡Que raro!

Xa pasaron dúas semanas e Brais aínda non saíra moito da casa, en Fontán aínda non o coñecían. O avó dícialle a todos que xa viñera o neto.

Un día xa aborrecido de todo de estar na casa, despois de facer todos os deberes de Mates, como non había tele para ver o fútbol, estudaba lingua, que era a outra materia que tiña pendiente, xa farto de tanto ler, dixo:

- Vou ir a cabana do avó, non podo estar aquí nin un minuto mais. ¡Avoa! Vou dar unha volta.
- Vai meu fillo vai, xa pensei que estabas enfermo.

Saíu polo cancelo da horta en vez de ir polo camiño de enfrente da casa, pois non quería falar con ninguén, despois de todo ¿Qué lle ía contar o veciños? Todos eran vellos, total mais que preguntas non lle ían facer, que si os estudos, que si os pais, bla, bla, bla....Xustamente ese era o tema o que menos lle interesaba a Brais tocar.

Colleu pola corredeira do monte, rumbo a cabana da Fraga, a do avó. Brais ía pensando:


Bueno está algo lonxe, pero si apuro un pouco o paso, logo chego. Empezou a camiñar lixeiro, lixeiro, cada vez mais lixeiro, case correndo para chegar pronto, pero ¡aaalaaa! ¡meeerda! Me cago no demo era o que me faltaba.

Brais espetou un pé na lama e caeu deitado, encheuse de lama ata as orellas, as gafas parecía que tiñan lunares pero nin de conta se deu de que estaban salpicadas, levantouse e seguiu andando o mesmo tempo que limpaba as mans o pantalón.

Alí está, meteu unha carreiriña, costa arriba, ía ca lingua fora, meteuse dentro, cerrou a porta, sentouse no chan e suspirou ben forte. ¡Por fin!

Cerrou os ollos, estaba moi esgotado, arrimou a cabeza a táboas e quedou durmido. Cando espertou xa pasaran dúas horas, ¡alaaa!, xa teño que volver e aínda non busquei os contos do avó. Mañá volvo.

Así o fixo, un día, e outro e outro e nada, no os atopaba. De seguro que foi unha trola do avó, ¿como ía escribir contos de medo? seguro que mo dixo por facerse o interesante, o parvo fun eu por crelo.



Levantouse para marchar, pero aínda era cedo , que ía facer a casa ¿deberes? ¿outra vez? Nin soñalo, volveuse a sentar. Aburríase, non estaba a gusto, remexíase para un lado, para o outro, ¡ostras! Unha táboa arrancouse, levantouna e .... ¡un furado na terra!. Nel unha caixa de táboas ben feitaña, cunha letra na tapa traballada cunha navalla, era unha "B".

¿Unha B? ¡que raro! Meu avó chámase Xan o normal sería que tivera unha "X".

Brais abriu a caixa e dentro había un caderno feito a man, coas tapas feitas cun cartón dunha caixa de galletas Fontaneda, todas as follas furadas cun pitillo e atadas cun anaco dun cordel. Brais abriu a tapa e na primeira folla poñía:

CONTOS DE MEDO DO VELLO XAN PARA O MEU NETO BRAIS.

¿Para min? ¿o avó escribiu contos de medo para min? Non podo crelo.

Todos os días, despois de xantar ía a cabana do avó a Fraga a ler nos seus contos.

A Brais non lle gustaba escribir, pero só debuxar, os seus debuxos, eran os mellores do colexio, decidiu darlle unha sorpresa o avó e facer un debuxo, para cada un dos seus contos. Así o fixo.

Meteu os debuxos nunha funda de plástico e deixounos gardados dentro da caixa onde estaban os contos, tapou outra vez ben o furado e marchou, o día seguinte xa tiña que volver a cidade, acabárase o verán e case sen darse de conta.

Xa estaba chegando o inverno, o avó como todos os anos, tiña que ir a retellar a cabana, pois as xestas no verán secan e antes de que chegue o inverno hai que poñer unhas novas para que non chova dentro. Como acostumaba a facer cando ía por alí, pegou un vistazo os seus contos, só que desta vez, enriba do seu caderno feito con tapas de cartón dunha caixa de galletas, había unha funda de plástico cos debuxos de Brais e con unha mensaxe na primeira folla: "X".

Xan abriu a funda, pasou a primeira folla e viu:

DEBUXOS DE BRAIS PARA OS CONTOS DE MEDO DO MEU AVÓ XAN.

O avó quedou coa boca aberta, asombrado completamente, non esperaba iso. Mira onde se metía todas as tardes este raparigo. Dende logo que saíu o avó.

**Katiana Veiga Espasandín 6º B EP**

**Relato gañador no Certame Literario 2010 (categoría narrativa)**






Debuxo realizado por Lucía Canosa Fariña, 3º A EP

# LETRAS GALEGAS

As letras galegas  
son como brebasces,  
Largas en curtas frases  
Son brancas coma as nubes  
Son negras coma o tinte  
Son bonitas ou feiras  
branca ou negras.  
As letras galegas midan!  
Iago 3<sup>o</sup>a




Poema e debuxo realizado por Iago Caamaño Serra 3<sup>o</sup> A EP




Tania Caamaño infantil 5 anos

Debuxo gañador no Certame Literario 2010 (categoría debuxo)



Andrea Carro Rojo 3º A EP

Poema gañador no Certame  
Literario 2010 (categoría poesía)



Samantha Torres Mira 3º B EP

Cómic ganhador no Certame Literario 2010 (categoria cómic)



Debuxo realizado por Diego Freire Costa 3º B EP

## O LIBRO FALADOR

*Esta é a historia dun neno chamado Xurxo.*

*Pois un día púxose a ler un libro de animais que é o que máis lle gusta.*

*Sentouse no seu pupitre e abriu o libro; de súpeto puxo unha cara moi estrana, xa que o libro non tiña letras, só animais.*

*Tan sorprendido quedou que non se fixaba que na páxina na que tiña o libro aberto había unha pequena ra, que cunha voz suaviña dixo: " DÍA!". Xurxo quedou moi asustado e pasou a páxina máis que de présa. Pero a súa sorpresa foi maio , xa que nesa páxina había unha árbore cun paxariño que dicía: "DAS!". Co medo que colleu pasou a páxina lixeiro coma un raio. Unha flor estaba nesa páxina e na flor unha bolboreta que dixo : "LETRAS!". Xurxo pechou os ollos e volveunos a abrir e medio apampado fixouse que nesa páxina había un gato deitado nun cesto que miañou: " Miau, GALEGAS, miau, miau!".*

*Xurxo comprendeu que era o día das Letras Galegas e os animais estaban a celebralo. Pechou o libro e pensou: "VIVA O GALEGO e o DÍA das LETRAS GALEGAS!, que todos celebramos contentos o 17 de maio !!!*



Alba Collazo Collazo 3º A EP

Relato gañador no Certame Literario 2010 (categoría narrativa)



Alba Collazo Collazo 3º A EP


Debuxo gañador no Certame Literario 2010 (categoría debuxo)

## INFERNO NO COLEXIO

O martes trece de febreiro, chegaba ao colexio Liceo La Paz unha nena estranxeira.

Viña escapada do Senegal, porque alí ela e a súa nai eran tremendamente maltratadas polo pai da nena. A nena chamábase Sandra e era bastante tímida. Todos dicían que era moi boa. Todos agás os seus compañeiros do colexio. Os seus compañeiros chamábana “Chocolatina” por ser de cor.

O seu nivel académico era bastante bo e a maioría dos profesores estaban contentos con ela. Aínda que, ás veces, non rendía plenamente, a consecuencia das continuas molestias recibidas polos seus compañeiros. Sandra tiña unha amiga íntima no colexio, chamada Serea.



Logo tiña outras tres amigas, se é que se lles podía chamar así; os seus nomes eran: Adela, Milagros e María.

Estas tres últimas sempre se estaban burlando de Xandra e tamén insultándoa. Na clase, a Xandra todos lle facían a estancia imposible: empuxábana, ameazábana, dábanlle patadas, pegábanlle, etc.


Poucas eran as veces que chamaban a Xandra polo nome figurante no seu Documento Nacional de Identidade (D.N.I.) Acostumaban a chamala con aquel alcume tan sumamente racista de “Chocolatina”. A nena detestaban que a chamaran así.

A súa paixón era o fútbol, pero non podía xogar porque no colexio os nenos non lle deixaban. Algúns rapaces pasaban dela no colexio e logo fóra compraciana e levábanse de marabilla con ela. A nena estaba farta de ter uns amigos tan falsos e, pensou que se se anotaba no equipo de hoquei da escola sería megapopular e todos quixerían ser amigos seus.

Aprendeu a patinar correctamente e entrou naquel gran equipo. Pero nada foi como Xandra pensaba. Nun dos adestramentos sete rapaces arremeteron contra ela, e déronlle unha malleira enorme. Xandra rompeu dous dedos, un brazo, a rótula dereita, o pé esquerdo e o tabique nasal e tamén dislocou o ombreiro dereito. Por sorte, chegou o adestrador antes de que acabasen con ela. Ao saír do adestramento os sete rapaces ameazaron a Xandra con matala se os denunciaba. Xandra non sabía que facer e decidiu pasar aquel tema tan tremendo.

Ao día seguinte, no colexio, colleron a Xandra do chicho e, a nena lanzou un bofetón ao aire, con tan mala sorte que lle foi dar ao rapaz máis vandálico do centro. Manolo, que así se chamaba o rapaz, comezou a darlle patadas a Xandra máis a nena apenas sentía dor algunha. Soou o timbre e Xandra entrou a clase aínda máis calada e tímida que de costume.


Notaba algo raro na perna, cando mirou, viu que era sangue, Sangue que saía do seu corpo coma se dunha fonte se tratase. Chegou a casa e díxolle a súa nai que se magoara na cadeira da clase.



Cando a súa nai marchou, a nena, comezou a chorar triste e soa. As bágoas caían dos seus ollos coma gotas de chuvia, saídas dunha nube gris, nun tormentoso día de inverno.

A nena estaba farta e decidiu redactar unha misiva todo polo que estaba a pasar, todo aquel inferno que os seus compañeiros lle facían pasar, Presentou a carta e toda a xente que arremetera contra Xandra estaba sendo castigada con gravísimas sancións e a ninguén se lle volveu a ocorrer xamais nin a insultar a ninguén só pola súa cor de pel

Alba Reino Casal 2º B E.S.O





# I SEMANA CULTURAL NA SEMANA DAS LETRAS GALEGAS 2010

Co gallo da celebración das Letras Galegas, o CPI Alcalde Xosé Pichel celebrou a I Semana Cultural nas Letras Galegas entre o 10 e o 14 de maio de 2010.

A proposta de actividades foi moi variada e implicou a un gran número de equipos docentes e profesorado de disciplinas moi diversas. Ademais o alumnado da ESO colaborou de forma activa.

Aquí vos deixamos un feixe de fotos das actividades que se fixeron ao longo da semana:

Balconadas literarias



Exposición de pintura



Un percorrido polo mundo



Experimentos científicos




Matemáticas divertidas



## OS NOSOS XOGOS TRADICIONAIS: A BUXAINA

En canto á referencia histórica da buxaina cómpre subliñar que é un dos xogos tradicionais máis populares e tamén máis estendidos do mundo por exemplo en Latino América, Xapón ou en Europa. Nunhas culturas tómase o termo derivado de peón como por exemplo no portugués e outras de trompo coma o ruso, mentres que outros aplican minuciosas diferenzas segundo sexa o tipo do peón debido á grande cantidade de modelos existentes.



A tradución do termo específico é literalmente “peonza de lanzamento”. O alemán tamén conserva distintas acepcións e utiliza Kreisel para denominar o peón, mentres que o termo peitschenkreisel refírese ó trompo tradicional alemán. En galego segundo o dicionario admite tres termos diferentes para a súa denominación: peón, trompo e buxaina. En inglés coñécese por spinning top ou simplemente top. En español as formas máis estendidas son: trompo ou peón.



As culturas de Oriente, China e Xapón foron quen a introduciron en Occidente. En concreto en Xapón xogan á buxaina tanto adultos coma nenos e convérteno nunha verdadeira arte e executan verdadeiros espectáculos de carácter lúdico.

Tamén os romanos e os gregos tiñan este xoguete. No Museo Británico atópase o resto máis antigo do mundo que consiste nunha inscrición exhumada en Beocia, cerca de Tebas e fechado no 1250 a.C na que un neno adica ó deus Zagreo un grande número de xoguetes e entre eles hai un trompo co seu látego (estróbilo).

M<sup>a</sup> JOSÉ FERNÁNDEZ REINANTE (DEPARTAMENTO DE INGLÉS)

# Premios Certame Letras Galegas 2010

## • Categoría Cómico

Braís Calvo-CEIP Canosa-Rus }  
 Antón García -CEIP Canosa-Rus }

Noelia Gesto-CEIP Canosa-Rus }  
 Sergio Caamaño -CEIP Canosa -Rus }

Laura Rodríguez-CEIP Canosa-Rus }  
 Samantha Torres- CPI Alcalde Xosé Pichel }

Lidia Cambre- CEIP Canosa-Rus }  
 Jesús Rodríguez-CEIP Canosa-Rus }

## • Categoría Narrativa

Aulas Educación infantil-CEIP Bormoio-

Aroa García- CEIP Bormoio Agualada }  
 María Blanco- EEI de Oca }

Alvaro López- CEIP Bormoio Agualada }  
 Alba Collazo- CPI Alcalde Xosé Pichel }

Cristina Castro- CEIP Bormoio Agualada }  
 Katiana Veiga- CPI Alcalde Xosé Pichel }

Alba Reino- CPI Alcalde Xosé Pichel

## • Categoría Poesía

Alumnos educación infantil - EEI de Oca

Sara Álvarez- EEI de Oca }  
 María Pombo-CPI Alcalde Xosé Pichel }

Alba Pereira- CEIP Canosa-Rus }  
 Andrea Carro- CPI Alcalde Xosé Pichel- }

Adrián Andrade- CEIP Canosa-Rus }  
 Noelia Varela- CEIP Bormoio Agualada }

## • Categoría Debuxo

Tania Caamaño- CPI Alcalde Xosé Pichel- }  
 Christian Ramilo- EEI de Oca }

Lara Sestayo- CEIP Canosa-Rus }  
 Laura Gómez- EEI Oca }

Luis Ramírez- CEIP Canosa-Rus }  
 Alba Collazo- CPI Alcalde Xosé Pichel }

Inés Pardiñas CEIP Canosa-Rus }  
 Marcos Suárez- Ceip Bormoio-Agualada }

## • Categoría Monográfico

Aula de 2º EP - Ceip Bormoio-Agualada }  
 Alumnos/as de EEI de Oca }

Manuel Sánchez, Carla Varela- CEIP }  
 Canosa-Rus }  
 Samara Veiga, María Vázquez, Laura }  
 Rodríguez- CEIP Canosa-Rus }

Iván Villar, Adrián Rabuñal, Luciano }  
 Fernández- CPI Alcalde Xosé Pichel- }  
 Iria Castiñeira- CPI Alcalde Xosé Pichel- }

Elena Soutullo- CPI Alcalde Xosé Pichel

Educación  
 infantil

1º ciclo-EP

2º ciclo-EP

3º ciclo-EP

Educación  
 infantil

1º ciclo-EP

2º ciclo-EP

3º ciclo-EP

ESO

Educación  
 infantil

1º ciclo-EP

2º ciclo-EP

3º ciclo-EP



Uxío Novoneyra

Cadros realizados polo alumnado de Secundaria do CPI Alcalde Xosé Pichel